



El Correo Gallego / O Correo Galego

27/2/01

## Xunta e farmacéuticos lembran que mañá cambian os viais de insulina

SANTIAGO. Redacción

A Consellería de Sanidade iniciou as actuacións pertinentes para a correcta substitución dos viais de insulina de 40 unidades internacionais por milímetro polos de 100 unidades, así como a disposición das xiringas correspondentes.

O departamento autonómico recorda nun comunicado que dito cambio responde ás recomendacións da Organización Mundial da Saúde e ó acordo definitivo da Federación Internacional de Diabete, que entra en vigor mañá, mércores.

Indica asemade que esta modificación da concentración dos viais de insulina "non modifica en ningún caso a dose prescrita, nin a frecuencia de administración, nin o tipo ou marca da insulina". Así mesmo, recomendan ós diabéticos que acoden ó seu médico ante calquera dúbida na aplicación deste novo formato

### Tamén as xiringas

O Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña aconselloulles onte ós diabéticos que se desfagan dos viais para preparados de insulina de 40 unidades internacionais por mililitro, entregándollos ó seu boticario para que sexan destruídos.

O organismo colexial tamén recomenda que as xiringas para a medida de 40 non utilizadas se entreguen nos centros de saúde. Os farmacéuticos da provincia da Coruña recordan que a partir do próximo mércores non se comercializarán os preparados de 40 unidades, que son substituídos polos de 100, cambio que tamén afecta ás xiringas.